



DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A INSTALACIÓN DE PLATAFORMA ELEVADORA MÓBIL DE PERSOAL (PEMP) NA VÍA PÚBLICA

A persoa declarante subscribe o presente documento con carácter de **DECLARACIÓN RESPONSABLE**, manifestando baixo a súa responsabilidade ser certos os datos que se consignan e que cumpre con todos os requisitos establecidos na normativa vixente de aplicación.

D./Dna. _____, con DNI _____,
en representación de _____, con CIF _____,
declara que:

1. Coñece as disposicións e requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora de Actividades, Instalacións e Ocupación da Vía Pública do Concello de Santiago (BOP de 08/11/2012).
2. Coñece as disposicións e requisitos establecidos na Ordenanza Xeral de Circulación e uso da Vía Pública do Concello de Santiago (BOP de 22/05/2006).
3. A PEMP que pretende instalar na rúa _____ encontrase debidamente homologada e axustase a normativa de seguridade e saúde e de prevención de riscos laborais, as ordenanzas de construción, ao convenio colectivo de aplicación e demais normas de obrigado cumprimento.
4. Que dito equipo dispón de marcado "CE", declaración "CE" de conformidade e manual de instrucións, de acordo co establecido no Real Decreto 1644/2008, de 10 de outubro, polo que se establecen as normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas, modificado polo Real Decreto 494/2012, de 9 de marzo.
5. No caso de dispoñer de alimentación eléctrica a instalación cumpre co requirido no Regulamento de aparellos elevadores; Real Decreto 2291/1985 (coa súa modificación); Real Decreto 1314/1997; Regulamento de seguridade nas máquinas, Real Decreto 1495/1986; e o Regulamento electrotécnico para baixa tensión, Real Decreto 842/2002.
6. Que a instalación cumpre tamén a norma UNE-58921-IN "Instrucións para a instalación, manexo, mantemento, revisións e inspeccións das plataformas elevadoras móbiles de persoal".
7. O/A operador/a D./Dna. _____, con DNI _____, que procederá á instalación e operación da PEMP, está cualificado/a, posuíndo a formación preventiva necesaria para tal fin, de conformidade co Real Decreto 1215/1997, de 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo, modificado polo Real Decreto 2177/2004, de 12 de novembro.
8. Designa a D./Dna. _____, con DNI _____, como recurso preventivo responsable da actividade da PEMP, de acordo co artigo 32bis "Presenza dos recursos preventivos" da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
9. Esta en posesión do recibo en vigor dun seguro de responsabilidade civil que garanta a cobertura de danos persoais ou materiais a terceiros que puideran ocasionarse durante o período de instalación do elemento auxiliar de obra.

En Santiago de Compostela, a _____ de _____ de 20____

O/A declarante,

O/A operador/a da plataforma,

O recurso preventivo,

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Asdo.: _____